

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Academia Xacobeá, para actuacións en materia de normalización lingüística.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral da Lingua formalizará coa Academia Xacobeá, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua e a Academia Xacobeá para dinamizar o proceso normalizador, levando a cabo unha serie de actuacións de normalización lingüística orientadas a conseguir unha maior presenza da lingua galega na sociedade en xeral e por iso, ambas as dúas institucións colaborarán no desenvolvemento de actividades de normalización para fomentar a lingua e a cultura galegas como creacións orixinais do pobo galego entendidas non só como unha herdanza que cómpre conservar e transmitir, senón como patrimonio que cada xeración debe coidar e mellorar.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.



As partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Academia Xacobeá que ten por finalidade a promoción e desenvolvemento da investigación, estudo e divulgación do Camiño de Santiago e o fenómeno xacobeo en todas as súas vertentes, así como a promoción e difusión dos valores universais que lle son propios.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

